

**A/A Sr/a. Alcalde/sa-Presidente/a
e Secretario/a do Concello**

Santiago de Compostela, a 6 de maio de 2015

Pola presente dámoslles conta do 'Sistema PIDO' do que dispón a Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TGSS) para facilitar ás administracións públicas o acceso a datos sobre terceiros (persoas físicas ou xurídicas), dese departamento, ou do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS), necesarios para realizar as súas funcións (outorgar subvencións, contratación administrativa...). Resulta especialmente interesante a transacción R001 sobre situación da débeda, fundamental para realizar unha correcta contratación administrativa e unha axeitada xestión dos pagamentos.

Para o acceso á información sobre terceiros é necesario contar coa autorización expresa da persoa física ou xurídica da que se trate ou estar contemplada a súa exención por Lei, e a aceptación por parte da TGSS ou do INSS. As autoridades, funcionarios e persoal teñen obriga de sxi-lo, cuxa violación supón incorrer en responsabilidades civís, penais, administrativas...

É imprescindible xustificar a finalidade de cada petición de información; por exemplo, no caso de solicitar o R001, a finalidade podería ser outorgar subvencións ao amparo da Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro, ou a contratación administrativa, ao amparo da Lei de Contratos do Sector Público, texto refundido, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

As administracións que teñan solicitado información de terceiros serán sometidas a auditorías da Seguridade Social por sorpresa para comprobar que a finalidade de cada petición se axusta á realidade.

O listado coas transaccións que se poden solicitar, o xeito de realizalo e o itinerario de acceso á información o atoparán na sede electrónica da Seguridade Social, SEDESS, no seguinte enlace:

https://sede.seg-social.gob.es/Sede_1/ServiciosenLinea/Colaboradores/index.htm?ssUserText=231488

Unha vez ingresado en SEDESS deben seguir estes pasos:

- *Pinchar en Administraciones y Mutuas (está en la barra superior, donde pone: Inicio / Ciudadanos / Empresas y Profesionales / **Administraciones y Mutuas** / Tablón de Edictos y Anuncios / Mi sede electrónica / ...*
- *Pinchar en: Con certificado Digital*
- *Pinchar en: Servicios de cesión de datos para las Administraciones Públicas.*
- *Dentro dos documentos: Descargar el fichero elegido.*

Para poder visualizar correctamente os arquivos de PDF é necesario que teñan instalado o programa **Acrobat Reader** de **Adobe**.

Calquera dúbida que lles xurda respecto ao 'Sistema PIDO' poden consultala no teléfono da Tesouraría Xeral da Seguridade Social: 881 909026.

Axuntamos instrucións para a obtención da autorización e permisos de acceso e cumprimentación dos formularios e información xeral sobre este servizo.

Sen outro particular, e agardando que esta información sexa do seu interese, reciba un cordial saúdo.



José Manuel Rey Varela
Presidente